




PROXECTO EDUCATIVO E FUNCIONAL DE CENTRO INSTITUTO SANTA IRENE



Índice

1. INTRODUCCIÓN	1
2. CONTEXTUALIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO NA ACTUALIDADE	1
3. CONTEXTO DO CENTRO	3
3.1. O CONTEXTO GALEGO	3
3.2. O CONTEXTO LOCAL	5
4. SINAIS DE IDENTIDADE DO IES SANTA IRENE.....	6
4.1. SINAIS DE IDENTIDADE.....	6
4.2. A DIMENSIÓN HISTÓRICA DO CENTRO.....	7
5. RECURSOS E ORGANIZACIÓN DO CENTRO	12
5.1. OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO E ÁREA DE INFLUENCIA.....	12
5.2. CENTROS ADSCRITOS	12
5.3. RECURSOS HUMANOS	12
5.4. ÓRGANOS E RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	13
5.4.1. Órganos unipersoais	13
5.4.2. Órganos colexiados.....	13
5.4.3. Órganos ou responsables de coordinación e dinamización	14
5.4.4. Órganos de participación do alumnado	17
5.5. INSTALACIÓNS.....	18
5.6. REFERENCIA CATASTRAL.....	19
5.7. HORARIOS	20
5.8. PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO	20
5.9. PLANS E ACCIÓNS POLA IGUALDADE DE XÉNERO	21
5.10. RECURSOS ECONÓMICOS	21
5.11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EXTRAESCOLARES.....	21
6. COMUNICACIÓNS.....	22
6.1. ABALAR	22
6.2. A PÁXINA WEB DO CENTRO, TELÉFONO E CORREO ELECTRÓNICO.....	22
7. FORMACIÓN DO PROFESORADO	22
7.1. OBXECTIVOS.....	22
7.2. DESENVOLVEMENTO, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN.....	23
7.3. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES	23
8. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAÍS DE ALUMNOS/AS	25
9. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	25



1. INTRODUCCIÓN

O presente proxecto educativo e funcional ten como finalidade enumerar e definir o conxunto de características que dan identidade ao Instituto Santa Irene. É o resultado dun proceso de elaboración de carácter global que expresa os enunciados educativos xerais e os aspectos organizativos e de xestión do centro. Pódese definir como un instrumento para a xestión, coherente co contexto escolar, que enumera e define os puntos de identidade do instituto, formula os obxectivos que pretende acadar e concreta as normas e a estrutura organizativa da institución. É un instrumento que debe procurar a adecuada interrelación entre as actuacións do profesorado e o persoal non docente, as familias, o alumnado, e os recursos persoais, materiais e funcionais dispoñibles no marco deses obxectivos institucionais. A súa finalidade última é propoñer coherencia entre a personalidade propia do centro decano da cidade de Vigo e á súa comunidade educativa.

A educación é unha tarefa de equipo na que intervén toda a comunidade educativa. Así pois, o reto principal para elaborar o Proxecto Educativo de Centro non reside só na súa execución material, senón no proceso de discusión interna dos compoñentes da comunidade escolar para traballar de forma participativa e solidaria. Existen na vida do centro educativo unha serie de criterios previos que guían esa tarefa, tales como a motivación do profesorado, o espírito de colaboración das familias, o estímulo, a organización e a planificación da participación dos estamentos citados e do propio alumnado. Polo tanto, este Proxecto Educativo de Centro é o resultado do traballo de toda a comunidade educativa do IES Santa Irene.

Este Proxecto Educativo de Centro supón un compromiso que implica e vincula a todos os membros da comunidade educativa nunhas finalidades e obxectivos comúns. Sendo como é o resultado dun consenso e dunha negociación que se plasma despois dunha análise de datos, de necesidades e expectativas, a elaboración do proxecto resulta, máis que un traballo enfocado cara á consecución dun instrumento de carácter administrativo e burocratizado, unha oportunidade de falar, de debater, de revisar e de pór en común os proxectos formativos e organizativos do centro.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO NA ACTUALIDADE

Como comeza afirmando a *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, as sociedades actuais conceden gran importancia á educación que reciben, na convicción de que dela dependen o benestar individual e colectivo. Dita convicción de que a educación é a maior riqueza e o principal recurso dun país e da súa cidadanía, foi xeralizándose nas sociedades contemporáneas, que se dotaron de sistemas educativos nacionais cada vez máis avanzados co obxectivo de adaptarse do mellor modo posible ás circunstancias cambiantes e ás expectativas depositadas pola cidadanía en cada momento histórico. En consecuencia, os sistemas educativos experimentaron unha gran evolución ata chegar a presentar unhas características claramente diferentes das que tiñan no momento da súa creación.



Na actualidade, coexisten tres leis educativas en vigor no sistema educativo español. A *Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xulio, reguladora do Dereito á Educación*, máis coñecida como LODE, que declara a educación como servizo público, posibilitando a súa xeralización, a citada *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, máis coñecida como LOE cuxo obxectivo principal é proporcionar unha educación de calidade a toda a cidadanía en todos os niveis do sistema educativo, baseada nunha combinación dos principios de calidade e equidade, e a *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, cuxo obxectivo é a de consolidar e afondar nos cambios introducidos pola LOE e vincularse ás demandas de maior participación e ó recoñecemento nos currículos dos cambios sociais e culturais que se produciron na última década.

Tal e como destaca esta última, a LOMLOE, na actualidade a cidadanía reclama un sistema educativo moderno, máis aberto, menos ríxido, multilingüe e cosmopolita que impulse todo o potencial e talento da xuventude. Por outra banda, o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e a comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá aceleran cambios profundos na comprensión da realidade e na maneira de comprometerse e participar nela, nas capacidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo da vida, na cultura e na convivencia democrática, entre outros. Estas novas circunstancias requiren conceder importancia a varios enfoques que resultan claves para adaptar o sistema educativo aos tempos actuais.

En primeiro lugar, un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e o fomento en todas as etapas da aprendizaxe da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo unha perspectiva inclusiva e non sexista.

En segundo lugar, un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua do centro educativo e cunha maior personalización da aprendizaxe.

En terceiro lugar, recoñecer a importancia de atender ao desenvolvemento sostible de acordo co establecido na *Axenda 2030 do desenvolvemento sostible* da Unión Europea. Así, a educación para o desenvolvemento sostible debe fundamentarse na educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica, sen descoidar a acción local, imprescindibles para abordar a emerxencia climática, de modo que o alumnado coñeza as consecuencias das súas accións diarias no planeta e xerar, polo tanto, empatía cara ao seu entorno natural e social.

En cuarto lugar, o desenvolvemento da competencia dixital, que non supón soamente o dominio dos diferentes dispositivos e aplicacións. O mundo dixital é un novo hábitat no que a infancia e xuventude viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónanse, consomen, gozan do seu tempo libre.

En quinto lugar, a escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que deberá estar rexida polos principios de inclusión e participación, calidade, equidade, non discriminación e igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.




A adopción destes enfoques ten como obxectivo último reforzar a equidade e a capacidade inclusiva do sistema, cuxo principal eixo vertebrador é a educación comprensiva. Garantir unha formación adecuada pasa necesariamente por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias, e que sexa por unha parte equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física e, por outra, na medida que avanza a escolaridade poida ir proporcionando a formación básica imprescindible para seguir formándose.

3. CONTEXTO DO CENTRO


O IES Santa Irene está situado no centro urbano de Vigo, provincia de Pontevedra na comunidade autónoma de Galicia. No estudo do contexto do centro e na elaboración e revisión dos plans e proxectos que integran o Proxecto Educativo de Centro (PEC) compre facer unha pequena análise da contorna económica, social e demográfica do mesmo.

3.1. O contexto galego


Dentro deste bloque abórdase o estudo do contexto económico, social e demográfico de Galicia. As principais fontes estatísticas que nutren os datos que se mostran a continuación son o Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística.




Táboa 1. Demografía e poboación galega. Fonte: Instituto Nacional de Estatística.



Táboa 2. Economía e condición de vida en Galicia. Fonte: Instituto Nacional de Estatística.




Táboa 3. Sociedade e poboación. Fonte: Instituto Nacional de Estatística.




Táboa 4. Igualdade e violencia de xénero. Fonte: Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística.

3.2. O contexto local

Dentro deste bloque abórdase o estudo do contexto económico, social e demográfico de Vigo. As principais fontes estatísticas que nutren os datos que se mostran a continuación son o Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística.



Táboa 5. Demografía e poboación en Vigo. Fonte: Instituto Nacional de Estatística.



Táboa 6. Economía e condición de vida en Vigo. Fonte: Instituto Nacional de Estatística.

4. SINAIS DE IDENTIDADE DO IES SANTA IRENE

A actividade social da área de influencia do centro é variada, contando con diversos locais culturais, bibliotecas públicas e zonas deportivas ben equipadas. Polo xeral, o alumnado que acolle este centro procede de familias que traballan en sectores relacionados coa industria ou naqueles que prestan apoio a esta. Así mesmo, o sector comercial e de servizos tamén é moi importante. A maior parte dos postos de traballo que se ofertan na zona non requiren titulación universitaria, polo que son moitas as persoas adultas cuxo nivel de estudos é o antigo graduado escolar. Moitos deles continúan como adultos os seus estudos no centro.

4.1. Sinais de identidade

O IES Santa Irene destaca como o máximo expoñente da educación secundaria obrigatoria e posobrigatoria da cidade de Vigo e como un dos centros de referencia a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa relevancia histórica e o simbolismo que representa perpetuaron ao longo do tempo un modelo de autoesixencia, rigor e excelencia que é recoñecido e valorado pola cidadanía. As sucesivas leis educativas e as demandas dunha sociedade cambiante foron adaptando ese modelo cara unha combinación dos principios de calidade e equidade, no que a responsabilidade do éxito escolar de todo o alumnado non só recae sobre o esforzo do alumnado individualmente considerado, senón tamén sobre o profesorado. Neste sentido, a calidade entendeuse como un compromiso de todos os compoñentes da comunidade educativa e o conxunto da sociedade, baseándose no esforzo compartido, a participación e a cooperación.

Desde o seu comezo IES Santa Irene fundamenta a súa xestión nuns valores que continúan sendo un referente para toda a comunidade educativa na actualidade:



- A responsabilidade, entendendo que toda acción ten un impacto. Actuar baixo este valor é facelo respectando escrupulosamente as normativas vixentes e as consecuencias derivadas do labor educativo do centro, velando pola protección e o benestar de toda a comunidade educativa.
- O compromiso, un valor que vai mais aló de cumprir coas tarefas encomendadas. Trátase de ter presente o porqué de cada acción e o seu impacto sobre as persoas.
- O esforzo, que reúne outros valores como a confianza, a constancia e a procura da excelencia. A cultura do esforzo significa traballar con visión e constancia para obter os mellores resultados.
- E por último, a excelencia. Lograr a excelencia como procura da mellora continua dos servizos prestados á cidadanía e das estruturas internas de funcionamento. A excelencia fundaméntase nun espírito crítico e inconformista.

Todos estes valores conforman a identidade cultural e social dun centro que aspira a seguir sendo un referente educativo na cidade e a consolidar un modelo de éxito educativo académico, social e cultural.

4.2. A dimensión histórica do centro

A creación dos institutos de Ensinanzas Medias no século XIX (Lei Moyano de 1857) comezou polas capitais de provincia. En Galicia, no ano 1842 constrúese en Lugo o primeiro instituto de Ensinaza Media, seguido do centros de Pontevedra, Santiago e Ourense no ano 1845. O último instituto capitalino, o IES Eusebio da Guarda na Coruña, comezaría a súa andadura no 1889. Estes complexos non só impartían docencia de bacharelato senón que exercían como unha delegación de ditos ministerios e polo tanto contaban cunhas instalacións aptas para todo tipo de actos solemnes. Vigo por non ser capital de provincia aínda debería agardar un longo período de tempo ata contar cunha instalación desta índole. Así, a mediados do século XIX a cidade só contaba con algúns colexios pertencentes a órdes relixiosas, así como outros de carácter seclar. Nos primeiros anos do século XX, a laboriosa cidade de Vigo, que con sesenta mil habitantes triplicaba a poboación de Pontevedra, viviu como inxusta esta situación de marxinación e a demanda dun centro de ensino medio fíxose unánime e clamorosa. Esa reivindicación, asumida polos alcaldes Gregorio Espino e o seu sucesor Mauro Alonso, dá por resultado que o goberno de Primo de Rivera, no consello de ministros do 17 de xuño de 1927, aprobe a creación do ansiado instituto.

A súa primeira ubicación foi un edificio propiedade dos maristas na Areosa alugado polo Concello á espera dunha sede definitiva. Así pois, no curso 1927-28, con 189 alumnos, comeza a súa andaina o instituto de Vigo. En 1932 o instituto instálase, tras a disolución da orde dos xesuítas, no seu terreo de Bellavista onde permanece ata 1936. Nesa data é desprazado pola autoridade militar que preferiu instalar naquelas dependencias un hospital de evacuación de feridos de guerra. Sen sede axeitada, improvísanse locais, como o da Escola de Artes e Oficios, que por resultaren inadecuados obrigan ao concello a procura urxente dunha solución definitiva.



O 25 de xuño de 1841 a localidade pontevedresa de Marín é testigo do nacemento de José Policarpo Sanz Souto, que tería un papel fundamental na construción do definitivo emplazamento do IES Santa Irene. Como moitos outros galegos, de familia humilde, Policarpo Sanz tivo que emigrar a América en busca dunha mellor vida, conseguindo deste xeito unha boa fortuna. O seu casamento con Irene Ceballos Sánchez, filla dun banqueiro de Nova York, axuda notablemente a consolidar e incrementar a esa fortuna.

Anos mais tarde, o deterioro da saúde Policarpo Sanz fai que redacte o seu testamento o 1 de xuño de 1888. Finará o 9 de novembro de 1889 en París. Na lectura pública do seu testamento, foi vontade deixar parte dos seus bens á "Casa da Caridade" de Vigo e o resto correspondeulle en usufructo a súa esposa. No seu testamento establécese un fondo de dous millóns e medio de pesetas que debe dedicarse, entre outras cuestións, á construción dun "edificio de cantería a propósito para establecer en él un Colegio o Institución para primera y segunda enseñanza, capaz para doscientos o trescientos niños, o más, según sean las necesidades de la población de Vigo.

...La educación en ese colegio será completamente gratuita para todos los niños de familias pobres de la ciudad...

Ademais encarga expresamente que: *"en la parte superior de la entrada principal se pondrá en letras de bronce: Instituto Santa Irene consagrado a la instrucción pública gratuita, fundado por José Policarpo Sanz e Irene Ceballos de Sanz"*. Tamén dispuxo que Irene Ceballos dése nome ó novo centro de ensinanza. O falecemento de Irene Ceballos tivo lugar o 18 de agosto de 1935, momento no que o Concello de Vigo pasou a ser titular pleno do seu legado. As cinzas de ambos benefactores repousan nun pequeno mausoleo no camposanto de Pereiró.

Os desexos de Policarpo Sanz non se verían cumpridos inmediatamente polo comezo da guerra civil en xullo de 1936. Houbo que esperar dous anos despois de remate do conflito bélico, ata o 12 de marzo de 1941, para que a corporación municipal, presidida por Luís Suárez Llanos, o primeiro alcalde designado polo réxime franquista, acorde a cesión da parcela do Carme para iniciar a construción do instituto. Dita parcela sitúase no final da marxe esquerda da Gran Vía en dirección á Praza América e no inicio da estrada de Vincios, hoxe avenida de Castrelos. A parcela enlazaba co Museo de Castrelos, representando ambos edificios a culminación da filantropía de Irene Ceballos e Policarpo Sanz

O arquitecto Antonio Cominges Tapias redacta o proxecto e a casa Pérez Conde executa as obras. Trátase dun edificio con planta en forma de E, cunha entrada porticada á que se accede por unha escalinata. Sobre a entrada atópase unha terraza ornamentada cunha balaustrada de estilo neobarroco.

A fachada principal segue un esquema ecléctico e a ornamentación vertébrase no corpo central, coa súa poderosa torre que actúa como elemento emblemático e referencial. A torre está inspirada no templo parisino de Saint-Sulpice, coa súa torre norte de estilo neoclásico e construído en 1780 por Jean-François Chalgrin.



A torre conta cun imponente reloxo de catro esferas, símbolo e referente na cidade de Vigo por ser aglutinador de miradas desde praza América o último día de cada ano, desde 1999. A peza orixinal foi deseñada por Evangelino Taboada, segundo moitos historiadores o mellor reloxeiro de Galicia. É un reloxo de catro esferas e pesa 1.500 kg. Actualmente foi reformado e posto en funcionamento o reloxo que da fronte a praza América.

O edificio contaba con magníficas instalacións (laboratorios, ximnasio, biblioteca, capela, cantina, paraninfo, etc.) e uns campos de recreo axardinados que ocupan o terreo do Carme. Noutras palabras, constrúese coa magnificencia que corresponde a un instituto de "capital de provincia". Por fin, Vigo sente enchida a súa vella aspiración ao tempo que corrixe esa sentida inxustiza comparativa.

O definitivo Santa Irene comeza a funcionar no curso 1945-46 baixo a dirección do profesor López Niño, pero é en setembro de 1946 cando o ministro de educación Ibáñez Martín preside unha inauguración solemne coa presenza da máis alta xerarquía civil, militar, eclesiástica e académica. Desde os inicios ata 1962 será un instituto mixto, estando reservada a ala dereita para as nenas e a zona esquerda para os nenos. Desá tradición arcaica perdura a ubicación dos aseos masculino e femininos en cada planta.

* * *

Nesta primeira etapa a contribución do Instituto Santa Irene foi enorme para a vida cultural da cidade. A mellora, cuantitativa e cualitativa, da escolarización foi manifesta, xa que facilitou a incorporación de "nenos" que na práctica tiñan vetado o bacharelato e tamén polo notable aumento do nivel científico e humanístico do ensino impartido, grazas á preparación do cadro de catedráticos e catedráticas que se incorpora á cidade. Cabe destacar desa primeira etapa a profesores como: Enrique López Niño, Anadón Frutos, Vicente Argomániz, Luís Curiel e Manuel Pazo, que foron os seus primeiros directores. A pesar de que boa parte do profesorado do centro era de aberto talante liberal, víase obrigado a gardalo celosamente dado que o ambiente xeral no instituto estaba determinado polo forte control do nacional-catolicismo imperante. Por outra parte, o instituto co seu paraninfo e cos seus extensos e ben coidados campos de recreo foi un espazo dedicado a todo tipo de actos culturais e deportivos. Por isto foi enorme a súa proxección sobre Vigo e, moi especialmente, sobre o emerxente barrio das Travesas, para o cal significou un equipamento cultural e de ocio de primeira orde. En 1962 comenza a impartir docencia o IES Santo Tomé de Freixeiro, pasando a ser o instituto feminino. Desde ese curso, o Santa Irene pasa a ser polo tanto o centro masculino.

Entre os anos 1972 a 1975, o instituto Santa Irene debe trasladarse a Coia (ao edificio que ocupa hoxe o IES Alexandre Bóveda naquel momento recén construído) para realizar unha remodelación do edificio, por certo bastante desafortunada, que actualizase as súas instalacións. É tamén a época na que a corporación do Alcalde Portanet, facendo oídos xordos á forte protesta do claustro de profesores e doutros sectores sociais, decide ocupar parte da finca do Carme para a construción do actual centro deportivo e deixa ao instituto (e ás Travesas) sen os seus campos



de recreo e cuns antiestéticos muros de bloques na parte posterior do edificio, sendo así o único centro educativo que na actualidade non conta con instalacións deportivas nin zonas de espaxamento para o seu alumnado.

* * *

O regreso no curso 1976-77 á sede da Praza de América, inicia a etapa democrática. Comeza con certa inestabilidade pola sucesión de direccións breves, Clementina González, Adrián Lobo e Manuel Fernández, ata que en 1986 accede á dirección Leónides de Carlos (que permanecerá nela ata a súa morte 16 anos despois) asistido por Méndez Ferrín como vicedirector, Manuel Rosales como secretario, e Antonio García Caamaño, Guillermo Touza e Alfonso García Suárez como xefes de estudos. No curso 1979/80 o centro volve a ser mixto. Esa longa etapa de estabilidade, cun claustro de profesores de gran valía e un equipo de persoal administrativo e de servizos moi competente, axuda a consolidar unha forma de entender o ensino (chamado coloquialmente o “espírito” do Santa Irene) que permitiu ofrecer un servizo público de calidade que pon o acento na formación académica e humana do alumnado dende a tolerancia e a solidariedade.

Este labor educativo foi mantido polos directores Alfonso García Suárez, que incorpora a José María Martínez Blanco antigo alumno do centro na vicedirección e a Juana Fernández Reiriz na xefatura de estudos de adultos e de José María Martínez Blanco que incorporou a Vicente de Becerra e Gil na vicedirección.

No ano 2015, Federico Bertólez Ruiz sucede na dirección a José María Martínez Blanco, quen, tras dous anos con problemas de saúde falece no ano 2015. O novo equipo directivo, formado por Francisco José García Sanz, como secretario, Ana María Díaz Amigo, na vicedirección, Talida María Pilar Ruíz del Arbol Fernández e María Elvira Rey Rodríguez, na xefatura de estudos, e Juana María Fernández Reiriz, na xefatura de estudos de adultos, introducen importantes cambios no centro e propoñen unha renovación que busca a eficiencia e o rigor na xestión administrativa.

No ano 2017, Patricia Mena Piñeiro sucede na dirección a Federico Bertólez Ruíz, acompañada de Xoán Xosé Mariño Pazo e Francisco José García Sanz, como secretarios, María Inmaculada Peniza González, na vicedirección, María Montserrat Iglesias López, na xefatura de estudos, e María Concepción Fernández Méndez, na xefatura de estudos de adultos.

No ano 2019, o centro pasa pola segunda gran reforma na súa historia, unha rehabilitación integral por valor de 1,2 millón de euros. Foi necesario mellorar a accesibilidade (ascensor e rampa de acceso polo soto), substitución da cuberta, incorporación de luces LED con sensores de movemento, renovación dos baños en todas as prantas e acondicionamento do arquivo histórico, entre outras.

No ano 2021, Nuria Veiga Quicler sucede na dirección a Patricia Mena Piñeiro, acompañada de Arturo Fuentes Cid, na vicedirección, Abilio Rodríguez Toimil, como secretario, Javier Folgoso Novoa na xefatura de estudos, e Susana Ferreiro García, na xefatura de estudos de adultos.



As obras rematan no ano 2022 coa restauración do antigo reloxo da torre.

No ano 2023 o centro asume novamente, con profundo pesar e conmoción, o falecemento da súa directora Nuria Veiga Quicler. A comunidade educativa organiza unha sentida homenaxe no centro e planta unha árbore na rotonda central da fachada principal do edificio.

Na actualidade o instituto Santa Irene ten un equipo de 62 profesores e 10 PAS e imparte clase a preto de mil alumnos distribuídos en 12 grupos de ESO e 14 grupos de Bacharelato en dúas quendas de diúrno e adultos.

* * *

Neste período de mais de 80 anos, miles de vigueses e viguesas foron educados na nosa institución e dela saíron uns, para formarse como avogados, biólogos, filósofos, xuíces, enxeñeiros, filólogos, médicos, físicos, matemáticos, catedráticos e profesores, investigadores, humanistas, artistas, escritores; outros, para incorporarse á vida laboral sen chegar a culminar estudos universitarios, pero todos eles formados como cidadáns cultos e membros activos da sociedade na que estaban a se inserir. Esta tarefa educativa vese altamente recompensada pola nosa cidade ao nomear Vigués Distinguido do ano 1997 ao Instituto Santa Irene, recollendo Leónides de Carlos o galardón que enche de orgullo e agradecemento ao equipo de profesionais que ten estado e seguirá a estar consagrado á instrución pública gratuíta nesta cidade de Vigo.

Na actualidade, o centro conta cun importante Patrimonio Histórico constituído por un Arquivo Histórico e unha Colección de Instrumentos Científicos, na súa maior parte de principios do século XX.

Ao longo de tan dilatada historia, o centro veuse caracterizando como unha das comunidades educativas máis inquietas da comunidade, na procura da mellora e da innovación pedagóxicas e na experimentación de novas vías de transmisión educativa e cultural e de comunicación social, así como na asunción dos sinais identitarios propios, nomeadamente da lingua e da cultura galegas.

Como centro público sostido con fondos procedentes da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, o instituto declárase defensor do ensino público, dunha educación activa e aberta, aconfesional e respectuosa coa diversidade cultural, racial, ideolóxica e coas crenzas relixiosas de cada un dos seus e das súas integrantes, que promove a normalización da lingua propia, entendendo que tal feito implica unha maior riqueza cultural e máis posibilidades de achegamento á sociedade. O seu labor orientarase cara a una educación crítica, reflexiva, solidaria, humanizadora, tolerante e participativa. A calidade do ensino que se aspira a conseguir baséase nunha serie de principios básicos que conforman, máis que os obxectos e a dimensión histórica, a auténtica identidade do centro:

- Un ensino útil para a vida, para acadar a felicidade e adecuada ás necesidades do alumnado do centro.



- Un ensino para a convivencia, inserido nas necesidades do medio máis próximo, mais que mire o conxunto dos problemas da humanidade.
- Un ensino en valores, no que se aprenda convivindo de maneira responsable, solidaria e libre, resolvendo os problemas mediante a cooperación e o diálogo.
- Un ensino democrático, no que todos e todas desexen e poidan participar co interese que a actividade docente merece xestionándoa entre todos e todas.
- Un ensino sen exclusións, que tente obter o mellor e o máximo nivel posible de todas as persoas que participan no proceso.
- Un ensino coas raíces no país e na sociedade á que serve, porque un centro educativo ten que partir da súa propia realidade contextual para a formación do seu alumnado, potenciando os elementos culturais e identitarios que o definen, nomeadamente a lingua como principal valor que condensa a xenuinidade do centro.

5. RECURSOS E ORGANIZACIÓN DO CENTRO

5.1. Oferta educativa do centro e área de influencia

O IES Santa Irene, xunto co IES Santo Tomé, seguen a ser os centros de ensino máis importantes da zona pola súa antigüidade, por ter unha variada oferta educativa e polo prestixio acadado. Ao centro acode o alumnado da zona que enmarcan as rúas Gran Vía, Castrelos, Florida e López Mora a cursar estudos de ESO e bacharelato en réxime diúrno e de adultos.

No réxime diúrno o centro conta con tres liñas de ESO e cinco liñas de bacharelato con modalidades de ciencias e tecnoloxía, ciencias sociais e humanidades. No réxime de adultos ofértase unha liña dos cursos ESA III, ESA IV e 1º de Bacharelato e tres liñas de 2º de Bacharelato con modalidades de ciencias e tecnoloxía, ciencias sociais e humanidades.

A suma total do alumnado do centro é duns 800 alumnos e alumnas distribuídos en 25 grupos.

5.2. Centros adscritos

Centros adscritos

1. CEIP Canicouva.
2. CEIP Pintor Laxeiro.

Centros de adscrición administrativa

1. Colexio El Castro-San Miguel II.
2. Colexio María Auxiliadora.
3. Colexio Montecastelo.

5.3. Recursos humanos

Os recursos humanos cos que conta o IES Santa Irene na actualidade son:



- 62 docentes, integrados en 18 departamentos. Esta cifra está suxeita a pequenas variacións por participación en programas ou proxectos.
- 2 administrativas.
- 5 traballadores/as de persoal subalterno.
- 3 traballadores/as de persoal de servizos.

5.4. Órganos e responsables de coordinación

5.4.1. Órganos unipersoais

O equipo directivo é o encargado de coordinar a actividade xeral do centro. Está constituído polos seguintes órganos unipersoais:

- Director ou directora: ostenta a representación oficial do instituto, dirixe e coordina todas as actividades, visa as certificacións e documentos oficiais, executa os acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia e cumpre e fai cumprir as leis e demais disposicións vixentes.
- Vicedirector ou vicedirectora: substitúe o/a director/a en caso de ausencia ou enfermidade, organiza os actos académicos e coordina a realización das actividades complementarias e extraescolares (segundo as directrices do Consello Escolar).
- Xefe o xefa de Estudos: coordina o persoal docente en todo o relativo ó réxime académico, elabora os horarios académicos e coordina e supervisa todas as actividades académicas relativas ás ensinanzas de ESO e Bacharelato na quenda diúrna.
- Xefe o xefa de Estudos de Adultos: coordina o persoal docente en todo o relativo ó réxime académico, elabora os horarios académicos e coordina e supervisa todas as actividades académicas relativas ás ensinanzas de ESO e Bacharelato na quenda nocturna.
- Secretario/a: ordena o réxime económico e administrativo do centro.

5.4.2. Órganos colexiados

O Claustro do profesorado ten as seguintes competencias:

- Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación do alumnado.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director ou directora nos termos establecidos pola normativa vixente.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos, mediante un debate público.



- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Informar das normas de organización e funcionamento do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- Outras que poidan ser atribuídas pola Administración educativa.

Reúnese preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque a súa presidencia ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reúnese ó inicio e ó remate de curso.

O Consello Escolar do centro estará formado por:

- Director/a que será o presidente/a.
- O Xefe ou xefa de estudos de diúrno e o xefe o xefa de estudos de nocturno.
- Un representante do Concello de Vigo.
- Sete profesores/as elixidos polo claustro.
- Tres representantes dos pais/nais do alumnado.
- Catro alumnos/as do centro.
- Un ou unha representante do persoal de administración e servizos.
- O secretario ou secretaria do centro

As súas competencias veñen definidas no artigo 127 da nova Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

No seo do consello escolar creáanse as seguintes comisións, a comisión económica (formada polo director /a, o secretario/a, un profesor/a, un alumno/a e un pai ou nai, elixidos por cada un dos sectores) e a comisión de convivencia.

5.4.3. Órganos ou responsables de coordinación e dinamización

No IES Santa Irene existen os seguintes órganos ou responsables de coordinación:

- Comisión de coordinación pedagóxica (CCP)

Segundo o artigo 77 do Decreto 324/1996, nos institutos de educación secundaria existirá unha comisión de coordinación pedagóxica que estará integrada polo director ou directora, que desempeñará a súa presidencia, o xefe ou xefa de estudos e, se for o caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno, as xefaturas de departamento, a persoa encargada da coordinación do equipo de dinamización lingüística, o profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. Actuará como secretario ou secretaria un membro da comisión, designado pola dirección, oídos os restantes membros. As súas funcións fundamentais son elaborar propostas ó claustro sobre o proxecto curricular e educativo do centro, así como facerlle un seguimento ós mesmos; establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica e



profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular.

– O departamento de orientación

A actividade deste Departamento abrangue a todo o alumnado matriculado no centro.

Formarán parte do mesmo a Xefatura do Departamento, o profesorado de apoio para atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e un titor ou unha titora por cada un dos cursos que compoñen as etapas educativas que se imparten no instituto.

O Xefe ou xefa do Departamento actuará baixo a dependencia directa da xefatura de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo, xefaturas de departamento e profesorado titor. A súa función fundamental será a de elaborar e impulsar propostas de orientación e reforzo educativo, así como un plano de acción tutorial. O alumnado será atendido no seu horario lectivo coa recomendación expresa dos titores e das titoras, profesorado ou cargos directivos, mediante cita previa; tamén recibirá as nais e pais que o soliciten. As informacións obtidas serán de carácter confidencial.

– Equipo de actividades complementarias e extraescolares

A Xefatura do Departamento correspóndelle á Vicedirección e formará tamén parte do mesmo, o profesorado encargado da biblioteca e para cada actividade concreta, o profesorado e alumnado responsable da mesma. A súa función esencial será a de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares.

– O profesorado titor/a

No instituto haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnos e alumnas. O titor ou titora será designado pola Dirección, por proposta da Xefatura de Estudos, oído a Xefatura do Departamento de Orientación, entre o profesorado que impartan docencia ao grupo.

A hora de tutoría do alumnado formará parte do horario lectivo do titor ou da titora (no caso da ESO), así como a hora de atención ás familias. O centro promoverá, cando menos, unha reunión colectiva, ó comezo de curso, nos niveis 1º e 2º da ESO e 1º de bacharelato, entre os titores e as titoras, departamento de orientación e pais e nais, cunha finalidade informativa e orientadora para o curso.

Cada profesor/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- Proporcionar no principio de curso, ó alumnado e ás nais e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ó calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal.



- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de atopar as respostas axeitadas.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo e asesoralo sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Informar ó equipo docente do grupo das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Orientar e canalizar as demandas do alumnado e mediar entre o profesorado e o equipo directivo.
- Informar ó alumnado do grupo, ás nais, ós pais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais do alumnado.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade e ter informados ós pais ou ás nais ou titores/as e á Xefatura de Estudos.
- Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e das súas fillas.
- Equipo de dinamización da biblioteca escolar
A persoa responsable da biblioteca escolar actúa baixo a coordinación da xefatura de estudos e a vicedirección e as súas funcións son as recollidas no artigo 10 da Orde de 17 de xullo de 2007. A persoa responsable da biblioteca intégrase na CCP. Ademais cóntase cun equipo de apoio á biblioteca formado por profesorado do centro.
- Equipo de dinamización de novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC)
A dirección do centro designa á persoa responsable das TIC que actúa baixo a coordinación da xefatura de estudos e en contacto constante co equipo directivo do centro. Neste equipo intégranse o coordinador/a ABALAR e o coordinador/a de Plan Dixital e Polos Creativos.
- Equipo de dinamización e normalización da Lingua Galega
Está constituído preferentemente, por tres membros do profesorado, tres membros do alumnado e un membro do persoal non docente. A coordinación levaráa un profesor ou profesora nomeado pola Dirección por proposta dos compoñentes do equipo. As súas funcións primordiais serán: presentar a través do claustro propostas para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo do centro e artellar todas as medidas necesarias para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
- Coordinador/a-responsable da convivencia escolar e o benestar emocional
- Coordinador/a de Plans de formación de profesorado
- Coordinador/a do Bacharelato de excelencia club de ciencias
- Coordinador/a do Plan de igualdade



5.4.4. Órganos de participación do alumnado

Delegado/a de grupo

Cada grupo de alumnos e alumnas elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable, durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado ou unha delegada de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado ou subdelegada, que substituirá o/a delegado/a en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións. En aras a aplicar criterios de igualdade débese, sempre que sexa posible, implantar a paridade na elección, de tal xeito que si o delegado é un home, a subdelegada debe ser unha muller, e si a delegada é unha muller o subdelegado debe ser un home. As reunións de delegados/as e subdelegados/as, así como a da persoa que presidirá a xunta de delegados e delegadas, serán convocadas pola Xefatura de Estudos e organizadas por esta en colaboración coas titorías dos grupos.

A designación dos delegados/as, subdelegados/as e a persoa delegada presidente da xunta de delegados e delegadas poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor ou á titora, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

Funcións

- Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
- Fomentar a convivencia entre o alumnado do seu grupo.
- Colaborar co profesorado e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
- Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

No caso de producirse algún dano dará parte ó/á titor/a ou, de ser o caso, ó/á Xefe/Xefa de Estudos, indicándolle as circunstancias en que se produciu.

Xunta de Delegados/as

Estará integrada polos representantes do alumnado dos distintos grupos e polos representantes do alumnado no Consello Escolar e será presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

É competencia do/a delegado/a facer chegar as propostas da xunta de delegados e delegadas ós distintos órganos de dirección do centro. A xunta de delegados e delegadas poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan as persoas delegadas dun curso ou dunha das etapas educativas que se imparten no instituto, logo do coñecemento da Dirección e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Funcións



- Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo, por iniciativa propia ou por petición daquel.
- Informar ós/ás representantes do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- Recibir información dos/das seus/súas representantes no Consello Escolar sobre os temas tratados nel.
- Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia. • Informar ó alumnado do centro das actividades da xunta de delegados e delegadas.
- Formular propostas á Xefatura de Estudos e/ou a Xefatura do Departamento de actividades extraescolares e complementarias para a organización das mesmas.
- Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós/ás seus/súas representantes nel.
- Cando o solicite, a xunta de delegados e delegadas, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a: celebración de probas e exames, alegacións e reclamación sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico do alumnado, propostas de sanción ó alumnado pola comisión de faltas que supoñan a incoación de expediente.
- Os delegados e delegadas non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros do alumnado, nos termos da normativa vixente.
- A Xefatura de Estudos facilitará á xunta de delegación un espazo axeitado para que poida celebrar as súas reunións.

5.5. Instalacións

O edificio que acolle o centro foi construído co capital doado por José Policarpo Sanz Souto á cidade de Vigo tras o seu falecemento. O arquitecto Antonio Cominges Tapias redacta o proxecto e a casa Pérez Conde executa as obras no ano 1946.

Trátase dun edificio con planta en forma de E, cunha entrada porticada á que se accede por unha escalinata. Posúe tres plantas e un soto nas que se sitúan aulas de uso xeral, aulas de informática, departamentos, despachos, biblioteca, laboratorios, sala de profesores, almacéns, aseos e un paraninfo na parte central, distribuídos na actualidade como segue:

- Planta Soto: Almacéns de material, unha aula de informática, unha aula/taller de polos creativos e unha aula de creación audiovisual de polos creativos.
- Planta baixa: seis aulas, conserxería, departamentos, oficinas, despachos de dirección, paraninfo, biblioteca, almacéns de material, vestiario do persoal de servizos e aseos masculinos e femininos, tanto para alumnado como para persoal.



- Planta primeira: dez aulas, departamentos, sala de profesores, aula de debuxo, almacéns de material, vestiario do persoal de servizos e aseos masculinos e femininos, tanto para alumnado como persoal.
- Planta segunda: nove aulas, departamentos, laboratorio de ciencias naturais, laboratorio de física, laboratorio de química, aula de informática, almacéns de material, vestiario do persoal de servizos e aseos masculinos e femininos para alumnado.
- Anexo planta terceira: Aula de creación audiovisual de polos creativos.
- Anexos: Aula de música, taller de tecnoloxía e cafetería.

O centro sitúase nunha parcela valada no seu perímetro que conta cunha única entrada principal controlada por vídeo vixilancia. O valado delimita a zona axardinada que rodea o centro, na que se encontran os edificios anexos con aulas específicas de música e tecnoloxía e a cafetería.

O espazo dispoñible é insuficiente para acoller a importante cantidade de alumnado que demanda estudar no centro cada ano. A esta dificultade cabe engadir que o centro non conta con zonas de ocio cubertas nin con instalacións deportivas propias, tendo que facer uso do Complexo deportivo As Travesas, de titularidade municipal.

No que a equipamento tecnolóxico se refire, o centro conta co seguinte:

- Dúas aulas de informática con capacidade de ata 30 alumnos/as, ordenador para uso do profesorado e pizarra dixital.
- Aula/taller de polos creativos con capacidade de ata 20 alumnos/as.
- Aula de creación audiovisual de polos creativos con capacidade de ata 8 alumnos/as.
- Taller de tecnoloxía con capacidade de ata 30 alumnos/as.
- Aulas de uso xeral con pizarra dixital e ordenador de profesor/a.
- Tres ordenadores na sala de profesores con impresora multifunción.
- Os departamentos contan con ordenador e impresora.

Cafetería

O instituto dispón dun servizo de cafetería. A adxudicataria ou adxudicatario debe aboar un canon pola súa explotación directamente á Consellería de Cultura e Educación. O Consello Escolar será o que aprobe o listado dos produtos que se vendan na cafetería e o que estableza os prezos dos mesmos así como calquera modificación. Poderá ser utilizada únicamente polos compoñentes desta comunidade educativa ou persoas alleas ao centro cuxa entrada a este fose autorizada. Nel respectaranse as normas sobre hixiene, conservación e manipulación de alimentos. Contará cun libro de reclamacións a disposición dos usuarios e estará supervisado polo Consello Escolar. A cafetería é un espazo docente máis e como tal poderá utilizarse para actividades educativas: exposicións, mostras... Poderán xerarse proxectos de renovamento do espazo debidamente coordinados polo profesorado e coa autorización do equipo directivo.

5.6. Referencia catastral

Referencia catastral	2343302NG2724S0001RT
----------------------	----------------------



Localización		Pz América 7 -36211 Vigo (Pontevedra)
Superficie construída		6.293 m ²
Superficie parcela		9.559 m ²
Construcción	Almacén	1433 m ²
	Planta baixa	1706 m ²
	Planta primeira	1676 m ²
	Planta segunda	1433 m ²

5.7. Horarios

O centro permanece aberto con servizo de conserxería no seguinte horario:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:00 h – 22:30 h	08:00 h – 22:30 h	08:00 h – 22:30 h	08:00 h – 22:30 h	08:00 h – 21:45 h

5.8. Plans e proxectos nos que participa o centro

- Programa PROA+. Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2024 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.
- Programa CP Inclúe. Instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), poidan desenvolver un plan de mellora no que poidan, en función das necesidades detectadas e do seu proxecto educativo, acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.
- Plan Proxecta+. Programas educativos que fomentan o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.
- PLAMBE. Plan de mellora, incentivo e impulso do desenvolvemento de proxectos na biblioteca escolar.
- Polos Creativos. Espazos que funcionan como centro de actividades no que se traballa a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computarizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.
- Probas de nivel lingüístico. Probas de acreditación de competencia en lingua estranxeira do alumnado, nos niveis de competencia B1, B2 e C1, descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (MCERL).
- Club de ciencias. baseado metodoloxía baseada na indagación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo, propoñen as súas



propias cuestións e resolven problemas. Os docentes suxiren indirectamente diferentes medidas para que eles poidan aprender a organizar actividades arredor das súas propostas.

- Club de lectura. servizo dirixido a promover e facilitar a lectura nas bibliotecas escolares e outras institucións que utilicen esta ferramenta de fomento da lectura.
- Bibliotecas Escolares Solidarias. Voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias.
- Deporte inclusivo. Programa que busca promover a práctica deportiva de persoas con discapacidade como ferramenta para a súa integración social.

5.9. Plans e accións pola igualdade de xénero

O IES Santa Irene amosa unha profunda preocupación pola igualdade de xénero e anualmente organízase un importante número de actividades encamiñadas a concienciar o alumnado na detección de situacións de desigualdade que persisten na nosa sociedade. O alumnado recibe conferencias e seminarios específicos sobre violencia de xénero e igualdade. Realízanse tamén accións específicas desde diferentes departamentos relacionadas coa igualdade de xénero con motivo dos días conmemorativos, 25 de novembro e o 8 de marzo.

5.10. Recursos económicos

O IES Santa Irene conta con recursos económicos regulares e estables proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade que no ano 2022 alcanzaron os 109.489,00 €. Tamén conta con ingresos dos diferentes plans nos que participa, que axudan ao impulso de diferentes iniciativas de innovación e calidade educativa.

Non obstante, o presuposto é limitado e non permite abordar as grandes actuacións que se precisan nun centro histórico destas características. A Xefatura Territorial colabora estreitamente co centro para realizar ditas actuacións de forma progresiva.

5.11. Actividades complementarias, extraescolares

O centro organiza anualmente un extenso e variado número de actividades complementarias de carácter cultural, educativo, social e integrador que enriquecen o currículo e permiten ao alumnado acadar unha formación integral e enriquecedora.

Así mesmo, o IES Santa Irene conta cunha oferta crecente de actividades extraescolares consolidadas entre ás que destacan:

- Grupo de teatro Spasmo.
- Docencia extraescolar no centro de inglés e italiano.
- Grupo de aprendizaxe e inmersión en lingua galega para alumnado estranxeiro.
- Club de ciencias.
- Clubs de lectura.
- Semana branca para o alumnado de 4º ESO.



- Viaxe de cultural de fin de curso para o alumnado de 2º Bacharelato.

6. COMUNICACIÓNS

6.1. ABALAR

O centro utiliza Abalar (abalarMóbil e espazoAbalar) como vía preferente de comunicación, especialmente no que se refire a:

- As xustificación de faltas de asistencia.
- As comunicacións de condutas contrarias á convivencia no centro: partes de incidencia.
- Boletíns de cualificacións parciais e finais.
- Xestión das citas de titoría.

Na páxina web do instituto atópanse ligazóns a videotutoriais e guías que permiten alcanzar un axeitado dominio destas aplicacións. Incluídas as ligazóns tamén neste documento.

- [abalarMóbil: instalación e rexistro](#)
- [abalarMóbil: funcionalidades](#)

6.2. A páxina web do centro, teléfono e correo electrónico

O centro conta cunha páxina web institucional na que se ofrece información actualizada. Así mesmo, dispón dun teléfono de atención ao público (986 23 37 99) en horario de 08:00 h a 21:45 h de luns a venres, e un correo electrónico ies.santairene@edu.xunta.gal que xestiona e revisa diariamente o equipo directivo.

7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este Plan de Formación do Profesorado preséntase como unha ferramenta de planificación e mellora da calidade de ensino no centro. A través do mesmo preténdese responder ás necesidades de formación demandadas polos distintos colectivos docentes de acordo cos obxectivos e as liñas de traballo establecidas. Inténtase dar resposta ás necesidades formativas dos docentes deste instituto, ou as derivadas da implantación de determinadas medidas de mellora do sistema educativo na actualidade e que son necesarias para o desenvolvemento do currículo. O Plan de Formación do Profesorado é o elemento do Proxecto Educativo no que o propio profesorado planifica e articula as actuacións que, respecto da súa formación, considera necesarias para a atención das necesidades detectadas no contexto do propio centro e para a elaboración e desenvolvemento das Programacións Didácticas.

7.1. Obxectivos.

Os obxectivos xerais que se pretenden cubrir con este plan son os seguintes:

- Desenvolver as áreas de actuación prioritarias marcadas pola consellería de educación para o ano en curso en materia de formación.



- Facilitar ao profesorado a formación e o asesoramento necesario para o desenvolvemento dos currículos contribuíndo á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe nas distintas áreas e materias e a súa contribución á adquisición das competencias básicas necesarias para unha aprendizaxe ao longo da vida.
- Fomentar a cultura do traballo en equipo, tómaa de decisións e os acordos compartidos e o intercambio de boas prácticas profesionais xerando unha actitude de reflexión permanente sobre a práctica docente e as súas implicacións educativas e sociais
- Apoiar o desenvolvemento de modelos educativos e estratexias de ensino-aprendizaxe que permitan dar resposta á diversidade e á atención personalizada do alumnado, contribuíndo ao incremento da equidade e a igualdade de oportunidades para todas as persoas.
- Apoiar, mediante actuacións específicas de formación, asesoramento e a confluencia de soportes tecnolóxicos e materiais en distintos formatos, os procesos de innovación os plans e programas de cambio educativo e de mellora da organización escolar desenvolvidos nos centros educativos considerados estes como referentes de todo o proceso formativo.

7.2. Desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Formación.

- Informar na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do curso do Plan de Formación do Profesorado para curso.
- Levar a cabo o proceso de detección de necesidades de formación no instituto.
- Manter reunións cos asesores do Centro de Formación e Recursos para analizar e concretar as propostas de formación xurdidas do estudo de necesidades dentro das diferentes modalidades de formación.
- Elaborar un calendario de seguimento do plan de formación.
- Avaliar este plan de formación e establecer propostas de mellora a partir da valoración para o próximo plan que se deseñe.
- Contemplar a figura dun/-ha profesor/a Coordinador/a do Plan de Formación do Profesorado que axude a materializar todos os obxectivos e carencias de formación do profesorado e como interlocutor entre o profesorado e o Centro de Formación e Recursos.

7.3. Criterios para a avaliación das actividades

Todas as actividades de formación deben ser avaliadas co fin de tomar decisións sobre a mellora das accións formativas. Porén, á hora de planificar a avaliación, non podemos esquecer que o plan de formación non se limita a unha sucesión de actividades senón que supón optar por unhas determinadas estratexias de acción que se consideran as máis adecuadas para cada contexto. Por iso, haberá que valorar a coherencia interna do propio plan comprobando a relación entre todos os elementos, a súa relevancia, é dicir, a importancia de todo aquilo que se inclúe na planificación e a viabilidade das accións propostas.

A avaliación das actividades concretas debe afectar a:

- Deseño e organización da actividade.



- Participantes na actividade: relatores e relatoras, asistentes e asesor ou asesora. •Contidos, metodoloxía e recursos.
- Consecución de obxectivos.
- Avaliación das persoas participantes nas actividades de formación.

Nas sesións presenciais das actividades de formación a asistencia é obrigada, polo que as faltas, independentemente da causa, non poderán superar o 15% da duración da parte presencial da actividade.

No caso de estaren programadas sesións non presenciais, a participación virá determinada pola entrega e valoración dos materiais elaborados, exercicios, informes de resultados alcanzados en procesos de experimentación previstos ou memorias, individuais ou de grupo, que fosen establecidos para o desenvolvemento das tarefas e que deben ser coñecidos polos participantes desde o inicio da actividade e que serán de obrigado cumprimento.

En todo caso, á hora de avaliar os grupos de traballo e seminarios, o asesor ou a asesora que coordina a actividade deberá establecer as estratexias e aplicar os instrumentos adecuados (memorias, observación, realización de traballos etc.) que permitan comprobar o grao de aproveitamento e as competencias adquiridas por cada un dos participantes na actividade. Os resultados desta avaliación teranse en conta á hora de tomar decisións sobre a emisión de certificados, publicación de materiais elaborados, concesión de axudas económicas para futuros proxectos etc.

Ao remate de cada actividade, o profesorado asistente recibirá unha certificación.

Para a súa expedición terase en conta:

- A participación activa nas fases presenciais e a execución das diversas tarefas programadas para as fases non presenciais.
- Nas fases presenciais establecerase un sistema de comprobación da asistencia, que será obrigatoria nun 85% da súa duración total.
- Nas actividades na Rede será preciso obter avaliación positiva no 80% das tarefas propostas.
- Os asistentes unicamente poderán recibir a certificación que acredite a superación da actividade.

En todo momento desde o centro teranse en conta as convocatorias do plan anual de formación do profesorado que convoca a Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, ademais das distintas actividades que convoca dita Consellería para a formación de aprendizaxe do profesorado:

- Licenzas por formación nas súas cinco modalidades.
- Cursos CALC (Cursos de Actualización Lingüística do Profesorado).
- Cursos de Competencias nas TICs
- Plan de mellora de bibliotecas escolares.
- Cursos e Seminarios de orientación educativa.



- Convocatoria de seminarios.

8. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAÍS DE ALUMNOS/AS

Segundo o disposto no artigo 120 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos, nos Institutos de Educación Secundaria poderán existir, de acordo coa lexislación vixente, as asociacións de país, nais de alumnos e asociacións de alumnos e alumnas. No IES Santa Irene, a ANPA Santa Irene é unha destas asociacións e, entre as súas funcións, están aquelas que veñen recollidas no punto 2 do artigo anterior:

- Elevar propostas ao Consello Escolar para a elaboración do Proxecto Educativo e ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.
- Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do Instituto que consideren oportunos.
- Informar aos asociados da súa actividade.
- Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual. Tamén organizar actividades.
- Coñecer os resultados académicos referidos ao centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.
- Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.
- Utilizar as instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar. A dirección facilitará á ANPA un espazo axeitado para que poidan levar a cabo as súas xuntanzas.
- Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa, servindo de nexo e vía de comunicación entre o centro e as familias. Nestes momentos, ademais das funcións anteriores, a ANPA:
 - Organiza actividades en horario extraescolar dirixidas ao alumnado do centro.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) actualizarase anualmente coas modificacións e/ou actualizacións que se deriven dos cambios normativos, de ser o caso. Cando se produzan estes cambios darase conta aos distintos órganos de coordinación do centro e aos órganos colexiados de goberno.



As propostas de modificación non normativas que xurdan como resultado da avaliación anual do PEC serán propostas por parte do equipo directivo, o claustro de profesoras/es, ou calquera outro dos sectores da comunidade educativa a través dos seus representantes no consello escolar do centro.

Unha vez presentada unha proposta de modificación, a dirección do centro trasladará a mesma aos membros do consello escolar e fixará un prazo para o seu estudo.

As propostas de modificación que se propoñan serán aprobadas polo claustro e o consello escolar.

O equipo directivo velará para que todas as actividades do centro sexan coherentes co establecido no proxecto educativo de centro.

Así mesmo, a información para a avaliación do Proxecto Educativo do Centro obterase empregando os instrumentos seguintes:

- Enquisa de final de curso ao profesorado.
- Memorias de departamento.
- Actas de departamento, CCP, Claustro e Consello Escolar.
- Aportacións da Xunta de delegados e delegadas e ANPA.



Data de aprobación do claustro: 07 de novembro de 2024

Data de aprobación do consello escolar: 07 de novembro de 2024

IES Santa Irene